



## **REGULAMENTO DA I QUEDADA PEDALADAS POLO CAMIÑO**

**1.-O Concello de Touro** (en adiante O Concello), organiza a **I Quedada Pedaladas polo Camiño** que terá lugar o domingo 24 de novembro, cun percorrido de 55 km. de dificultade baixa. A mesma será de carácter non competitivo.

A saída terá lugar ás 9:30 horas diante da Casa do Concello. Aqueles participantes que ás 12:30 horas non pasaran polo punto de avituallamento situado no Monte do Gozo, farán o percorrido pola súa conta, co fin de que o remate da mesma non se demore demasiado.

**2.-** Poderán participar na ruta todas aquelas persoas, **maiores de 16 anos**, que realizen axeitadamente o proceso de inscrición. **Os menores de idade deberán adxuntar autorización materna ou paterna.**

**3.-** O prazo de inscrición finalizará o día 20 de novembro ás 23:59 horas. A inscrición farase efectiva na páxina web habilitada ao efecto. Non se admitirán inscricións o mesmo día da quedada. A cuota de inscrición, é de 5 €. Dará dereito á participación na quedada e incluírá os avituallamentos e obsequios que se entreguen. Só serán considerados participantes, aqueles que realizen a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización. Participación máxima: 300 p.

**4.-** A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 08:30 horas, do día 24 de novembro de 2019 no Concello de Touro, sito en Fonte Díaz. A saída efectuarase ás 09:30 horas, sendo as 14:00 horas a hora prevista de chegada para os primeiros participantes. A recollida de dorsais farase de xeito individual, presentando DNI.

**5.-** O emprego do casco é obligatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da quedada. Recoméndase a utilización de roupa deportiva axeitada. Todo ciclista participante deberá permanecer dentro do circuíto da quedada e atender ás instrucións da Organización. O Concello non se fai responsable dos accidentes, nos que pudiera ser causa, a negligencia dos participantes, así como as débedas ou danos que por estes motivos puidieran contraerse durante a quedada. Asimesmo, os participantes, autorizan a facer uso das fotografías do evento nos diversos medios nos que puidesen aparecer, xa sexan en soporte dixital ou texto escrito.

**6.-** O percorrido da quedada transcorre polas estradas AC-240 e AC-261 no Concello de Touro, Boqueixón e Santiago, existindo cruces que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

**7.-** Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a quedada, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o percorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamento.

**8.-** A Organización preveu un avituallamento no Monte do Gozo, tanto de sólidos como líquidos, para realizar o percorrido convenientemente, e outro máis na chegada ao Concello, remate da quedada.

**9.-** En todo momento respectaranse e obedeceranse as ordes e directrices do director da marcha, non sobrepasando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.

**11.-** Todos os participantes contarán cun seguro de accidentes durante o desenvolvemento da ruta. A Organización contará con servizo de ambulancias a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta actividade concreta, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos da quedada, e que deben atender sempre as recomendacións e indicacións da organización.

A Organización non facilitará aos participantes asistencia mecánica, aqueles participantes que sufran unha avería que lles impida continuar, deberán chamar ao teléfono facilitado pola organización ou ben dirixirse a un dos puntos de control da quedada, para ser recollidos. Existirá igualmente un servizo de lavado de bicicletas gratuïto ao final da quedada.

**12.-** A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da I QUEDADA *PEDALADAS POLO CAMIÑO*.

**13.-** O feito de inscribirse na quedada, supón a aceptación total do presente regulamento.

**14.-** A quedada realizarase independentemente da climatoloxía dese día.